CONVENIO DE COLABORACIÓN DE NATUREZA PATRIMONIAL ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (FCDCG) E O CONSORCIO INTERUNIVERSITARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (CISUG), PARA A LOCALIZACIÓN DOS SERVIZOS E CENTROS DE INVESTIGACIÓN XESTIONADOS POLO CISUG NO EDIFICIO FONTÁN DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte, D. **Román Rodríguez González**, **Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade** da Xunta de Galicia, nomeado mediante o Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181, do 7 de setembro de 2020), actuando na súa condición de Presidente do Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, entidade de dereito privado sen ánimo de lucro, declarada de interese cultural pola Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia de 11 de xaneiro de 2000, NIF G15721640 e con enderezo en Edificio CINC, 3º andar, Lg. Monte Gaiás, s/n, Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. **Antonio López Díaz**, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela en virtude do Decreto 57/2018, de 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 106, de 5 de xuño de 2018, do seu nomeamento, e que actúa en nome e representación do **Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia**, de acordo co nomeamento realizado pola Xunta de Goberno de dita entidade o 26 de marzo de 2019, ao abeiro do Convenio de Colaboración asinado o 28 de maio de 2018 entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de A Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para a constitución de dita entidade, e coas competencias sinaladas nos seus estatutos (artigo 10.2.), publicados mediante Resolución da Universidade de Santiago de Compostela, de 1 de xuño de 2018, no Diario Oficial de Galicia nº 111, de 12 de xuño de 2018.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades para convir, en nome das entidades que representan, e a tal efecto,

EXPOÑEN.

Xacobeo 21·22

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Primeiro.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante FCdC) foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. José Antonio Montero Pardo, co número 2.825 do seu protocolo, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen animo de lucro, con patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Publica do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a FCdC como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería da Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73. A FCdC de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria exerce o seu protectorado e o conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

Que a FCdC de Galicia ostenta a titularidade da "Cidade da Cultura de Galicia"(CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais, áreas de lecer e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia. No seo deste complexo atópase, aínda sen rematar de construír, a estrutura do edificio Fontán.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da FCdC de Galicia constitúe o seu obxecto social "a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa nu espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural".

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus estatutos, a FCdC de Galicia pode realizar as actividades "necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura", as que "contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía", "cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura" e "as axeitadas para posicionar ao Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural...", entre outras.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Segundo.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante A Consellería) asume dentro das súas competencias a misión de planificar e coordinar o Sistema universitario de Galicia, composto polas tres universidades públicas: A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. Neste ámbito, e consonte ao disposto no artigo 66 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, a Consellería e as tres universidades públicas galegas veñen de constituír o Consorcio Universitario Galego (en diante, CISUG), que permite a xestión coordinada de servizos da súa competencia e a consecución de fins de interese común.

Este nova entidade incorporará estruturas xa existentes como:

O Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de Xestión Universitaria (CIXUG)

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGALICIA)

A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG)

Así mesmo, poderá facerse cargo da xestión de estruturas de investigación que lle encarguen as universidades, tras o acordo da Xunta de Goberno do Consorcio e a subscrición do correspondente convenio.

A xestión agrupada dos servizos que prestaban estas entidades, agora no ámbito do CISUG, veríase notablemente reforzada pola ocupación dun espazo común o que facilitaría o traballo coordinado conxunto dun xeito máis racional e eficiente.

O CISUG, como entidade de dereito público, réxese polos estatutos publicados mediante Resolución da Universidade de Santiago de Compostela, de 1 de xuño de 2018 (Diario Oficial de Galicia núm. 111, de 12 de xuño de 2018), e está dotada de personalidade xurídica plena e independente dos seus membros. A porcentaxe de participación, segundo os estatutos, dos membros no CISUG é a seguinte:

- Universidade de A Coruña: 30%
- Universidade de Santiago de Compostela: 30%.
- Universidade de Vigo: 30%.
- Xunta de Galicia: 10%.

Terceiro.- Que a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (en adiante SUG), sinala que dito sistema está integrado pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo e, se for o caso, por aqueloutras que sexan creadas ou recoñecidas por lei do Parlamento de Galicia; e recoñece como obxectivos e fins propios do SUG, os seguintes:

Xacobeo 21·22

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a) A creación, a transmisión e a difusión da cultura e dos coñecementos e métodos científicos, técnicos, humanísticos e artísticos, así como a formación e a educación integral de mulleres e homes para un desenvolvemento profesional acorde coa súa formación.

b) A garantía da autonomía universitaria, fundamentada no principio de liberdade académica, que se manifesta nas liberdades de cátedra, de investigación e de estudo.

c) A coordinación e a cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e para o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas.

d) O fomento do pensamento crítico e da cultura da liberdade, a solidariedade, a igualdade e o pluralismo e mais a transmisión dos valores cívicos e sociais propios dunha sociedade democrática. Prestarase especial atención ao fomento da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, así como á igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade.

e) O enriquecemento do patrimonio intelectual, cultural, científico e técnico de Galicia, co obxectivo do progreso xeral, social e económico e o seu desenvolvemento sustentable.

f) A promoción do galego, lingua oficial e propia de Galicia, e a súa coexistencia co castelán, tamén lingua oficial, e, se for o caso, con outras linguas de interese para a docencia e a investigación.

g) O estreitamento de relacións de intercambio e colaboración con centros de educación superior e institucións públicas e privadas do ámbito nacional e internacional, con especial atención a Portugal e Iberoamérica.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante A Consellería) asume dentro das súas competencias a misión de planificar e coordinar o Sistema universitario de Galicia, composto polas tres universidades públicas: A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Que o artigo 19 da devandita Lei 6/2013, en relación coa creación de centros de I+D+i, sinala

"(…)

3. Os institutos universitarios de investigación poderán ser constituídos por unha ou máis universidades, ou conxuntamente con outras entidades, públicas ou privadas, mediante convenios ou outras formas de cooperación, de conformidade cos estatutos das universidades e a demais normativa aplicable.

4. Correspóndelle á Xunta de Galicia a creación ou a supresión, mediante decreto, dos institutos universitarios de investigación, atendendo a criterios de excelencia científica, técnica ou artística e da súa conveniencia estratéxica para o fomento destas actividades e o desenvolvemento económico e social de Galicia, sen prexuízo do disposto na normativa básica estatal.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5. O acordo de creación recollerá os seguintes aspectos: a denominación, os centros e as institucións participantes e, se é o caso, as condicións da participación das administracións públicas.

(…)"

En atención ás competencias da Consellería de Cultura, Educación e Universidades, en relación co fortalecemento da investigación, asúmese que a evolución da actividade investigadora nos próximos anos estará vinculada de maneira crecente á agrupación de recursos e capacidades ao redor de estruturas de gran dimensión, nas que se persegue o logro de obxectivos de investigación ambiciosos baseados na explotación das fortalezas dos sistemas rexionais e nacionais de investigación de maneira coordinada.

Que logo dunha estratexia, planificación e accións de fomento continuadas desenvolveuse un programa de actuación que xerou unha rede de Centros Singulares de Investigación no ámbito do SUG, que na actualidade está consolidando un modelo de referencia de investigación supragrupal colaborativa en ámbitos relevantes do coñecemento. Porén, cómpre tomar consciencia que hai unha eiva de infraestruturas que permitan soportar unha investigación de calidade nos campos das Humanidades e Ciencias Sociais, nos que Galicia posúe unha grande capacidade, polo que resulta oportuno impulsar un centro de investigación e innovación no seo do SUG nestes ámbitos temáticos.

Que para tal fin, e a través da Secretaría Xeral de Universidades, elaborouse un documento estratéxico que define a creación dun Centro de Investigación, dentro do ámbito do SUG, que se ocupe destas materias e que sitúe o seu foco de traballo na definición de liñas de estudo e investigacións das paisaxes culturais como ámbito temático máis relevante. En consonancia con este obxectivo, as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo acordaron a creación do Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), cuxa xestión será asumida polo CISUG.

Cuarto.-Que con data do 4 de xullo de 2018, formalizouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA PARA A CONSTRUCIÓN DO CENTRO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN EN PAISAXES CULTURAIS (CEIPAC) E A ADECUACIÓN DE ESPAZOS PARA SERVIZOS DO CONSORCIO INTERUNIVERSITARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (CISUG), E DA AXENCIA PARA CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG). O obxecto do convenio era establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a FCdC, para executar accións destinadas á construción do Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais (CEIPAC), como centro de investigación en Ciencias Humanas e Sociais do SUG, e a adecuación de espazos para servizos do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) no edificio Fontán da CdC.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Quinto.- Na cláusula cuarta do devandito Convenio, sinalábase a seguinte obriga a cargo da FCdC:

"Por a disposición os terreos e estruturas necesarias para a construción do CEIPAC, a adecuación de espazos para servizos do Consorcio Interuniversitario de Galicia (CISUG) e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), ..."

"A respectar os usos que se asignan durante un período de tempo mínimo de dez anos dende a data de recepción das obras. Consonte con esta previsión, ***a Fundación formalizará con cada unha das entidades, un acordo de cesión de uso onde se reflicta, entre outras, as condicións de utilización dos espazos postos a disposición e a duración da dita cesión en atención ao contido desta cláusula****."*

Sexto.- O remate e recepción da obra de construción do Edificio Fontán está prevista para o presente ano 2021.

Atendendo, por tanto, ás dispoñibilidades existentes, e sobre a base dos enunciados anteriores, ambas entidades están interesadas en trasladar e localizar as instalacións do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario Galego (CISUG) e dos centros de investigación que xestione, no edificio Fontán. A tal efecto, interesa a ambas partes a formalización do presente CONVENIO DE COLABORACIÓN DE NATUREZA PATRIMONIAL, co obxecto de deixar constancia do recoñecemento do dereito de uso a favor das devanditas institucións, regulando as obrigas e dereitos de cada parte, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeiro.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración entre a FCdC e o CISUG ten por obxecto:

1. A cesión dun dereito de uso a favor do CISUG sobre os inmobles que se describen na cláusula terceira do presente convenio.

2. A autorización ao CISUG dos seguintes recursos:

    a. Dereito de uso a prazas de aparcamento para o persoal ao servizo do CISUG definido nos seus Estatutos (artigo 29), así como para o persoal dos centros de investigación que xestione.

    b. Dereito de uso gratuíto dos auditorios/salas de conferencias do Edificio Fontán, así como outros posibles ubicados no complexo Cidade da Cultura de Galicia, sempre que ditos locais estean dispoñibles nas datas solicitadas e que, previamente, se comunique á Fundación, con suficiente antelación, a súa intención de utilizar estes espazos.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. A regulación dos dereitos e obrigas das entidades asinantes derivadas da localización das instalacións do Consorcio e centros de investigación que xestione no Edificio Fontán, e, en especial, os derivados de:

   a) Distribución de espazos e coordinación de uso de espazos e servizos comúns.
   b) O reparto de gastos derivados de uso compartido do Edificio Fontán.
   c) A procura dunha unidade corporativa, respectando a imaxe corporativa do complexo da Cidade da Cultura de Galicia.

Segunda- Características e duración do dereito de uso.

2.1. O CISUG disporá dun dereito de uso sobre os locais cedidos por un **período de trinta (30) anos**, a contar dende a formalización do presente convenio. Dito dereito se atribúe con carácter irrevogable por parte da FCdC, e soamente poderá extinguirse, ademais de pola vontade do beneficiario, pola propia desaparición da competencia ou función pública encomendada a este.

2.2. O CISUG, antes de entrar no goce dos bens cedidos, estará obrigado a formar inventario de todos os bens, material e mobiliario que sexan propios e que se incorporen aos distintos locais e instalacións.

2.3. O CISUG non poderá allear o seu dereito de uso, e deberá poñer en coñecemento á FCdC de calquera acto de terceiro do que teña coñecemento, que sexa capaz de lesionar os dereitos de propiedade, respondendo, de non o facer, dos danos e prexuízos que se produzan pola súa culpa.

Terceira.- Descripción dos locais que se ceden

3.1. Os seguintes locais incluidos nos planos que integran o proxecto de execución da obra do Edifico Fontán (ver lenda: CISUG)

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



PLANTA NIVEL +285.78

Superficie útil**: 423,05 m2, segundo a seguinte distribución:**

CISUG	423,05
Administración	23,00
Xerencia	12,56
Arquivo	23,22
Sala de impresións	48,00
Salas de custodia	28,3
Despacho CIUG 1	13,50
Despacho CIUG 2	9,50
Despacho CIUG 3	19,60
Sala reunións comun	27,00
Sala reunións pequena	14,80
Sala tribunal	15,57
Direccion Bugalicia	17,50
Sala traballo Bugalicia	30,20
Circulacións	118,60
Aseo	14,50
Racks + cadro elect	7,20

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3.2. Os seguintes locais incluidos nos planos que integran o proxecto de execución da obra do Edifico Fontán (ver lenda: CENTROS DE INVESTIGACION CISUG)

PLANTA NIVEL +289.01

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



PLANTA NIVEL +285.78



PLANTA NIVEL +282.04

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



PLANTA NIVEL +277.79

Superficie útil total**: 2.559,60 m2, segundo a seguinte distribución:**

Andar nivel	**289,01**	

Centros investigación dependentes do CISUG	764,15 m2
Laboratorio xurídico	86,50
Laboratorio economía	72,50
Lab. GIS e Cartografia	160,00
Investigadores senior x8	110,25
Depto comunicación	125,50
Dirección e secretaria 1	34,20
Dirección e secretaria 2	34,2
Office	13,50
Aseos	17,50
Circulacións	110,00

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Andar nivel	**285,78**	

Centros investigación dependentes do CISUG	912,8 m2
Lab. Agroecosistemas	189,90
Gabinete de imaxe	13,50
Gabinete fontes orais	13,50
Burbulla traballo ind x4	50,50
Burbulla traballo dobre x2	33,00
Pre post document	165,70
Salas de xuntanza	167,70
Lab. Big Data	75,00
Lab. Demografía	77,00
Office	13,00
Aseos	18,00
Circulacións	96,00

Andar nivel	**282,04**	

Centros de investigación dependentes do CISUG	64,8 m2
Recepcion y ecoespacio	64,80

Andar nivel	**277,79**	

Centros investigación dependentes do CISUG	817,85 m2
Circulacións	139,73
Arqueloxía e Conservación-Restauración	185,99
Sala con temperatura e humidade controlada	27,09
Sala insonorizada	27,09
Xeoloxia, Osteoarqueoloxía e Ciencias da Terra	126,50
Sala Sobrepresión	27,09
Sala	27,09
Almacéns	81,92
Espacio disponible para CISPAC	81,55
Laboratorio OSL	70,52
Cadro eléctrico	6,05
Aseos	17,23

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Cuarta.- Obrigas do CISUG con respecto á utilización dos espazos cedidos no edificio Fontán.

a) O uso axeitado das instalacións cedidas durante o prazo establecido: trinta anos (30 ANOS).

b) Abonar os importes dos gastos e consumos derivados da ocupación e uso por parte do CISUG do Edificio Fontán, de acordo cos criterios de distribución que se sinalan no **anexo I** do presente convenio.

c) Seguir as directrices da Fundación con respecto á imaxe institucional corporativa do complexo da Cidade da Cultura, para mantemento dunha unidade formal neste campo coa Fundación e cos restantes centros e entidades situadas ou que se sitúen no futuro na Cidade da Cultura.

d) Comunicar á Fundación a programación de actividades a desenvolver nos espazos comúns do edificio e, de ser o caso, noutros espazos, acordando previamente coa Fundación o seu uso. Informar puntualmente os cambios da programación anterior para facilitar a optimización da xestión dos espazos da Cidade da Cultura, e difundir e xestionar as actividades programadas. De ser o caso, poderá acordarse a difusión común a través dos medios de ambas as institucións.

e) Contar cunha póliza de seguro que cubra de forma suficiente os riscos sobre utensilios ou equipamento de calquera tipo propiedade do CISUG e sobre os asignados aos centros de investigación que xestione, incluído o informático do que sexa propietario, que se atopen dentro das dependencias que ocupe o CISUG no Edificio Fontán.

De igual forma o CISUG disporá dun contrato de seguro que cubra suficientemente a responsabilidade civil polos danos materiais e/ou persoais fronte a terceiros, producidos no desenvolvemento das actividades que lle son propias.

Para os efectos destes contratos de seguro, a Fundación terá carácter de "terceiro" ou "asegurado adicional". En consecuencia, a Fundación, en ningún caso, será responsable, e, por tanto, non poderá ser reclamada polo CISUG, polo seu persoal nin pola aseguradora, polos danos materiais sufridos polo CISUG nos seus bens, así como por danos materiais e/ou persoais producidos a terceiros derivados da actuación do CISUG, e do seu persoal.

Anualmente, o CISUG deberá acreditar ante a Fundación a existencia de pólizas en vigor mediante a achega das copias dos contratos e dos recibos xustificativos do pago.

f) Dotar ao persoal, sexa propio ou alleo, vencellado ao CISUG e ao dos centros de investigación que xestione, dos medios de identificación e acreditación necesarios para facilitar a vixilancia e seguridade do edificio Fontán e do complexo da Cidade da Cultura.

g) Comunicar á Fundación os horarios do persoal ao servizo do CISUG e dos centros de investigación que xestione, especialmente, os que impliquen prolongar o horario de apertura de edificio, respectando en todo caso a lexislación de protección de datos.

h) Non ceder a terceiros o uso das instalacións ou imaxe do complexo, sen autorización expresa da Fundación. Esta autorización non será necesaria cando se trate de prestación de servizos para

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

o desenvolvemento das competencias e funcións propias do CISUG e dos centros de investigación que xestione.

i) Xestionar e coordinar as medidas de prevención de riscos laborais, e adherirse ás indicacións establecidas no plan de autoprotección da Cidade da Cultura de Galicia, todo iso segundo a normativa vixente, incluída, de ser o caso, a coordinación das actividades empresariais previstas no Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

k) Salvo que a Fundación autorice previamente por escrito, non se permitirán obras nas edificacións e instalacións ocupadas polo CISUG e polos centros de investigación que xestione. Igualmente, o mobiliario para instalar nas dependencias cedidas deberá contar coa supervisión dos técnicos da Fundación, para os efectos de garantir a harmonía co conxunto arquitectónico e as condicións estéticas do edificio.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética do edificio Fontán.

Quinta.- Obrigas de Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Á Fundación correspóndelle:

a) Ceder o uso e permitir a ocupación dos espazos asignados ao CISUG e aos centros de investigación que xestione.

b) A organización e a xestión, en xeral, do conxunto das edificacións, centros e infraestruturas de todo o complexo, en canto titular da Cidade da Cultura de Galicia, e a coordinación das actividades comúns desenvoltas polos centros ou entidades situadas nelas

c) O mantemento, a limpeza, e a seguridade do conxunto das edificacións e instalacións.

d) Contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da Cidade da Cultura de Galicia.

e) O equipamento ordinario dos espazos comúns.

f) Dirixir a repartición de usos de espazos comúns para a súa coordinación e máximo aproveitamento. Para isto, a Fundación coordinará as actividades realizadas nos espazos comúns e xestionadas polo CISUG co resto das actividades que se desenvolven na Cidade da Cultura de Galicia.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

g) Deseño, incorporando a imaxe corporativa do CISUG e dos centros de investigación que xestione, e autorización da sinalización no edificio Fontán e no exterior, dentro do complexo da Cidade da Cultura, para informar da localización do Consorcio.

h) A licitación, contratación e xestión dos contratos de obra, e os relativos ás subministracións e servizos que non sexan susceptibles de contratación diferenciada ou cando se considere que mellora a súa operatividade ou custos mediante a contratación conxunta.

i) A autorización ao persoal que estea ao servizo do CISUG e dos centros de investigación que xestione, dos seguintes recursos: dereito de uso a prazas de aparcamento para o persoal do CISUG.

j) A autorización ao CISUG e dos centros de investigación que xestione do dereito de uso gratuíto dos auditorios/salas de conferencias do Edificio Fontán, así como doutros posibles situados na complexo Cidade da Cultura de Galicia, sempre que os devanditos locais estean dispoñibles nas datas solicitadas, para o que o CISUG deberá notificar dita intención á Fundación, con suficiente antelación.

Sexta.- Obrigas comúns

O CISUG e a Fundación obríganse a:

a) Velar polo cumprimento das obrigacións que resultan deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan valorar o seu cumprimento.

b) Acordar a programación común de actividades que permitan a difusión e posta en valor da Cidade da Cultura de Galicia, como foco ou espazo multidisciplinar.

Sétima.- Financiamento

7.1. Ambas as partes contribuirán, unha vez formalizado o presente convenio, ao sostemento dos servizos e gastos do edificio Fontán, en función da respectiva participación nos usos, gastos e consumos e de acordo cos criterios de distribución que se sinalan no **anexo I** do presente convenio. A asignación concreta da parte de custos de funcionamento para os locais a ocupar polo CISUG e os seus centros de investigación, realizarase segundo o sinalado no apartado C dos criterios de desagregación reflectidos no devandito anexo (relación entre a superficie útil ocupada polo residente e a superficie útil do edificio na que se aloxe), o que supón unha porcentaxe do 23,80 %. Non obstante o anterior, as partes acordar que ditos gastos sexan imputados dende a data de efectiva ocupación dos espazos por parte da CISUG.

7.2. Cada parte financiará os gastos derivados das súas respectivas obrigas, que asumen con cargo aos seus orzamentos, efectuando as previsións e, de ser o caso, as retencións de créditos oportunas para garantir o pago.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

7.3. A **estimación do custo imputable anual será aprobada** na comisión de seguimento do Convenio, a celebrar nos primeiros tres meses do exercicio ao que se refiren eses custos.

A primeira Comisión de seguemento que se celebre para determinar o custo imputable anual, considerará os custos xa devengados e reais do ano no que se asine o presente convenio, que se engadirán aos estimados do exercicio seguinte ou aos que sexan procedentes segundo a cláusula 7.6.

7.4. Sobre o gasto estimado anual do edificio Fontán, o CISUG efectuará o pago de liquidacións provisionais, mediante ingreso na conta de titularidade da FCdC, comprometéndose a realizar a tramitación do compromiso de pago e o abono parcial (equivalente á metade do importe estimado anual), nos primeiros seis meses do ano, e a tramitación do compromiso do pago e abono parcial da outra metade do importe estimado anual, nos últimos seis meses do ano.

A conta da liquidación definitiva aprobarase pola Comisión de seguemento, no primeiro trimestre do exercicio seguinte a aquel ao que corresponda, e notificarase, xunto coa certificación comprensiva do total dos gastos existentes no período correspondente, procedéndose á súa regularización.

7.5. Serán por conta do CISUG o financiamento dos custos da súa propia actividade e da dos centros de investigación que xestione, tales como mobiliario, material de oficina, material informático e de telecomunicacións e material en xeral, os de comunicacións (transporte e mensaxería, ou telefónicas), contribucións administrativas e impostos derivados da realización da súa actividade

Cando non sexa posible a medida precisa, determinaranse os consumos en gas, electricidade, auga, depuración, xestión residuos, e a participación nos servizos, común e globais para todo o complexo Cidade da Cultura de Galicia, de mantemento, seguridade e limpeza (ou os que nun futuro se contraten para mellor servizo de ambas as institucións), segundo o coeficiente de participación nos gastos totais definido en función dos parámetros que **se sinalan no anexo I.**

7.6. Así mesmo, no caso de que existan outras intervencións motivadas pola instalación de infraestruturas, equipamentos ou dotacións específicas para o CISUG ou para os centros de investigación que xestione e que, por razóns técnicas e operativas, deban ser asumidas pola Fundación (previa autorización do órgano competente do CISUG e conformidade da Fundación sobre a existencia de crédito suficiente e axeitado nos seus orzamentos para o ano en curso), os custos de execución de ditas instalación, servizos e equipamentos repercutiranse ao CISUG e engadiranse aos ordinarios que corresponda determinar a Comisión de seguimento.

Oitava.- Modificacións e obras nas instalacións cedidas.

8.1. Salvo que a Fundación o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras nas edificacións e instalacións de obra construídas sobre as que se constitúe o dereito de uso do CISUG, sempre que ditas obras afecten o proxecto construtivo.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

No caso de que as obras non afecten o proxecto aprobado para a construción, senón que unicamente redundan na optimización do rendemento e operatividade do edificio, ditas obras poderán ser acometidas con cargo ao seu orzamento polo CISUG, previa comunicación á Fundación, a cal poderá opoñerse en caso de perigar a integridade da construción ou no caso no que se estime a interacción co proxecto construtivo orixinal.

8.2. Non se permitirá a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética do Edificio Fontán, e o CISUG será o único responsable de cuantos danos físicos ou materiais ocasiónense ás edificacións e instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade á Fundación.

Novena.- Servizos de limpeza, seguridade e control de accesos, e mantemento/servizos de soporte técnico.

9.1. A Fundación conta cun servizo de limpeza ordinaria para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia; mentres estea vixente o presente acordo de cesión de uso, a limpeza das instalación e espazos obxecto de cesión, corresponden na súa totalidade á Fundación, quen asume a responsabilidade de contar, en todo momento cos recursos materiais e humanos que aseguren que o recinto afectado pola cesión quede en perfecto estado. Os custos de limpeza (tanto os globais como os específicos derivados da cesión dos espazos, serán repercutidos ao cesionario segundo os criterios de distribución sinalados no anexo I).

Unha vez finalizada o dereito de cesión de uso, o cesionario deberá deixar os espazos e instalación cedidos totalmente limpos de residuos, en caso de que o cesionario acumule residuos, procederá á súa recollida segundo as condicións orixinais dos espazos e instalación obxecto de cesión, sen prexuízo de que, de non producirse tal recollida, se repercuta ao cesionario este servizo.

9.2. A Fundación conta cun servizo de seguridade ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, que continuará prestándose durante o período no que se ceden as instalación. A Fundación reservase o dereito a denegar a admisión ao centro de calquera persoa que poida ser considerada prexudicial para a seguridade do complexo, dos edificios ou dos seus ocupantes. Os custos de seguridade (tanto os globais como os específicos derivados da cesión dos espazos, serán repercutidos ao cesionario segundo os criterios de distribución sinalados no anexo I).

9.3. A Fundación conta cun servizo de mantemento global para todo o complexo da Cidade da Cultura de Galicia. A subministración e equipamento ordinario dos espazos comúns do Edificio Fontán, serán de conta da Fundación, ao abeiro do seu contrato de mantemento dos edificios e instalación, e repercutirase ao cesionario segundo os criterios de distribución sinalados no anexo I. O cesionario será responsable da conservación e mantemento das zonas afectadas pola cesión, asumindo o compromiso de mantelas en bo estado en todo momento. Se ao final do período de

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

utilización das instalación e dos espazos cedidos houbese algún deterioro de instalación ou espazos, o cesionario asume o compromiso de repoñer á súa costa ao seu estado orixinal.

9.4. Os custos asumidos pola Fundación, en concepto de limpeza, seguridade ou mantemento e servizos de soporte técnico, pola utilización de espazos ou instalacións comúns (salas, auditorios) que deriven de actos promovidos polo cesionario, imputaranse directamente ao cesionario, sen atención a criterios de distribución, considerando os prezos unitarios que, a tal efecto, teña establecido a Fundación nos seus contratos vixentes.

Décima.- Horarios.

O cesionario deberá respectar os horarios de apertura e peche das instalación establecidos pola Fundación. En todo caso, o acceso a zonas comúns e de traballo estarán dispoñibles os días hábiles que anualmente determine o calendario laboral local, de luns a venres, de 07:00 horas a 22:00 horas en horario de inverno; e de 07:00 horas ás 23:00 horas en horario de verán. O cesionario ou os usuarios do espazo deberán comunicar, á Fundación ou ao seu servizo de Vixilancia e Seguridade, a realización de calquera outro horario ou xornada laboral ao marxe do establecido neste parágrafo.

Décimo primeira.- Comisión de seguimento

11.1. Constituirase unha comisión de seguimento formada, cando menos, por dous representantes por cada unha das partes asinantes. Esta comisión asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Aprobar o documento de modificación ou variabilidade dos criterios para a distribución de custos entre a Fundación e o CISUG, que será a base para a estimación de gasto a satisfacer polo CISUG anualmente.

- Aprobar a estimación do custo imputable anual nos primeiros tres meses do exercicio ao que se refiren eses custos.

- Aprobar o liquidación definitiva do reparto de custos do exercicio anterior, atendendo aos consumos e servizos reais efectivamente facturados á Fundación polos seus provedores, ou as dotacións, equipamentos e instalacións asumidos pola Fundación por conta do CISUG, e proceder á regularización mediante contraste coas estimacións aprobadas para ese exercicio.

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, definindo as actuacións que se consideren precisas para tal finalidade.

- Interpretar, en caso de dúbida, o seu contido.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

11.2. Ao marxe da xuntanza nos primeiros tres meses do exercicio, a comisión reunirase as veces que as partes estimen oportuno, para mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas, convocándose por escrito cunha antelación mínima dunha semana, agás que se considere de urxencia, nese caso deberá reunirse no prazo de 48 horas.

Décimo segunda.- Vixencia

A duración do presente convenio de natureza patrimonial está intimamente vencellada ao período de vixencia do outorgamento do dereito real de uso sobre os locais descritos na cláusula terceira.

O convenio conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social, ou natureza xurídica de calquera das entidades convenientes, sempre que sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

Décimo terceira. Causas de Resolución.

Serán causas de resolución do presente acordo convenio:

a) O acordo mutuo entre as partes.
b) O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
c) As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos das respectivas administracións polas que se extingan as partes.
d) Cando se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia por parte da Xunta de Galicia, ou se propoña unha localización diferente para CISUG ou para os centros de investigación que xestione.

Décimo cuarta.- Natureza xurídica.

14.1. O presente convenio ten natureza administrativa, de acordo coas técnicas de cooperación definidas no artigo 144.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

14.2. O presente convenio ten natureza patrimonial segundo a Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, no que resulte de aplicación ao mesmo.

14.3. As cuestións litixiosas que xurdan sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio, deberán solucionarse polas partes de mutuo acordo no seo da Comisión de Seguimento constituída.

14.4. Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e incluirase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se aproba o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En proba de conformidade, asinan por duplicado, no lugar e data indicados no encabezado.

Pola Fundación Cidade da Cultura	**Polo Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia**
Román Rodríguez González Presidente do Padroado	Antonio López Díaz Presidente

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Anexo I.- Criterios de distribución de gastos de funcionamento.

Asignación dos custos de funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

A- Antecedentes.

En diversos informes elaborados desde a Oficina Técnica se insistíu no carácter unitario do proxecto da Cidade da Cultura, reiterando que "o conxunto foi proxectado unitariamente e coa intención de executar as obras de xeito simultáneo e continuo", e resaltando a importancia do "carácter unitario da urbanización (uniformidade de pavimentos e acabados) e das instalacións"; ao mesmo tempo sinalábase que, por razóns derivadas de racionalidade construtiva, para manter unha única responsabilidade para cada edificio e tamén para poder finalizar e poñer en funcionamento cada un dos edificios por separado, o proxecto do complexo desenvolveuse de xeito que se realizara un único contrato de obra por cada edificio.

Estas características non impiden a posibilidade (ou a necesidade) de distribuir os custos de funcionamento do complexo entre os diferentes edificios, ben na súa integridade ou en fraccións destes; igualmente resulta posible a distribución dos custos entre as diferentes actividades desenvolvidas no complexo ao longo dun período de tempo.

Na súa configuración actual a Cidade da Cultura pode desglosarse nos edificios ou unidades funcionais ou de xestión individuais que se relacionan de seguido; identifícanse tamén as dotacións públicas e os espazos, edificios e instalacións comúns.

a)- Edificios,

-Centro de Emprendemento (antes Arquivo, antes Hemeroteca).
-Biblioteca e Arquivo de Galicia (antes Biblioteca), sen incluir o aparcadoiro.
-Centro de Innovación (antes Servizos Centrais).
-Museo.
-Centro de Proceso de Datos (CPD).
- Fontán.

b)- Dotacións Públicas e Comunitarias,

-Soportais.
-Comerciais (Cantina, OnOff, Tendas)
-Aparcadoiro cuberto.
-Aseos Públicos.
-Torres de Hejduk.

c)- Espazos Comúns,

-Espazos exteriores (Urbanización, aparcadoiros exteriores e accesos).
-Central de Frío e Auga.
-Central de Calor e Electricidade.
-Galería de Servizos.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A participación dos edificios individuais nos custos dos espazos, edificios e instalacións comúns pode alcanzar varios niveis ou intensidades,

-Integral, na que o reparto de custos comúns incorpora a totalidade dos espazos comúns e dos seus gastos , sen matices ni excepcións.

-Parcial, na que o reparto dos custos comúns incorpora parte dos espazos comúns e/ou parte dos seus gastos (pódese dar a circunstancia de incorporar unha parte dos gastos dun espazo común). Pode entenderse que alomenos os custos de funcionamento dos comúns enumerados no apartado c)- anterior deben ser considerados inescusablemente, xa que resultan indispensables para o funcionamento ou explotación racional dos individuais.

-Nula, na que non se repercuten aos edificios ou fraccións ningún custo dos espazos comúns, pasando estes a formar unha categoría propia.

Do mesmo xeito, na configuración actual da Cidade da Cultura se consignan os seguintes custos de funcionamento:

1-Auga,
2-Enerxía Eléctrica,
3-Gas,
4-Gasóleo,
5-Mantemento,
6-Limpeza,
7-Seguridade,
8-Telecomunicacións.

Debe considerarse previamente que os custos de funcionamento de cada un dos edificios estará formado pola suma dos custos individuais propios do edificio e da parte proporcional que lle corresponda dos custos de funcionamento dos espazos comúns. O mesmo criterio debe aplicarse ao cálculo e á distribución dos custos entre as diferentes actividades desenvolvidas no complexo (suma de custos individuais máis custos comúns).

Pola outra banda, no caso das subministracións enumeradas en 1-, 2- e 3- a citada configuración unitaria do proxecto e dos procesos construtivos obriga á formalización de contratos para un usuario único (a Cidade da Cultura).

Nos casos dos subministros de auga e gas, e debido ás características físicas de ambas instalacións, non é posible ou razoable a distinción entre consumos individuais e consumos comúns; polo tanto o reparto dos consumos se realiza directamente desde o dato do consumo total mediante un reparto proporcional (atendendo ao número de tomas de auga, de superficies, potencias ou de calquera outro parámetro que o permita). No caso do subministro de enerxía eléctrica os consumos individuais poden determinarse mediante a

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

lectura dos contadores de cada edificio e os comúns desagregarse mediante un reparto proporcional, tal e como se indicou para os subministros anteriores.

Os mesmos procedementos resultan válidos tanto para a determinación e reparto en fraccións dos gastos individuais dos edificios como para os gastos comúns.

O consumo de gasóleo (4-) é pouco significativo e practicamente se limita ao funcionamento dos grupos electróxenos de cada un dos edificios e o seu custo resulta, polo tanto, de moi escasa contía e facilmente asignable.

No caso dos servizos enumerados en 5-, 6- e 7- a contratación tamén se realiza de maneira centralizada (en calquera caso algo inevitable no contrato de mantemento), e a desagregación dos custos individuais pode realizarse mediante o reparto proporcional atendendo á superficie construída de cada edificio en relación á suma total, no caso do servizo de mantemento, e atendendo ao número de horas de traballo programadas para cada edificio en relación ao total no caso dos servizos de limpeza e de seguridade. A desagregación dos custos comúns se realiza mediante un reparto proporcional, de xeito similar ao exposto no caso das subministracións, é dicir, atendendo ao número de tomas de auga, de superficies, potencias ou de calquera outro parámetro que o permita.

B-Criterios para a desagregación dos custos de funcionamento por edificios.

De seguido se expoñen os criterios para a desagregación dos diferentes custos de funcionamento orixinados polos subministros e servizos relacionados ao inicio, entre os edificios individuais tamén sinalados. Cada edificio individual terá a consideración de módulo básico para a desagregación de custos.

Os subministros de auga, enerxía eléctrica e gas dispoñen cada un deles de acometida xeral única e tamén de contador xeral para medir o consumo da totalidade de cada subministro.

1)- Auga,

A auga consúmese en,

a- espazos exteriores (limpeza, estanques, fontes e rego); dispón de contador individual e o consumo se desagregará por edificios de acordo coa porcentaxe de superficie útil de cada edificio (sen incluír soportais) sobre a suma da superficie total dos edificios considerados (sin espazos e instalacións comúns).

b- instalacións de refrixeración que serven a todos os edificios; dispón de contador individual e o consumo desagregarase por edificios mediante o cálculo dunha porcentaxe resultado do cociente entre a suma da potencia (en kW) dos diferentes equipos de climatización instalados en cada edificio e a suma total da potencia instalada en todos os edificios.

Xacobeo 21·22
CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

c- usos sanitarios (aseos públicos e privados e limpeza); non se dispón de contadores individuais por edificio e a desagregación de consumos se realizará proporcionalmente ao número de puntos de consumo (inodoros e outras tomas de auga) de cada un dos edificios en relación á suma total dos puntos de todos os edificios. O consumo total deste apartado obterase descontando do consumo total do complexo a suma dos apartados a- e b-.

Nos Anexos 1.1, 1.2 e 1.3 relaciónanse os datos que permiten a desagregación dos consumos de auga relacionados nos apartados a- (porcentaxes de superficie útil de cada edificio sobre o total), b- (porcentaxe de potencia en Kwh instalada en cada edificio sobre o total) e c- (porcentaxe de puntos de consumo en cada edificio sobre o total),

2)- Enerxía Eléctrica,
Custos individuais; o reparto de consumos realízase a partir da lectura dos contadores das acometidas de cada un dos edificios.

Custos comúns; corresponden á parte proporcional dos consumos realizados nos espazos, edificios e instalacións comúns, e calcúlase en base á porcentaxe de superficie útil de cada edificio (sen incluír os soportais) sobre a suma da superficie total dos edificios considerados (sen espazos e instalacións comúns).

No Anexo 2 relacionanse os datos que permiten a desagregación dos consumos comúns de enerxía eléctrica.

3)- Gas,

Ao igual que no caso das instalacións de auga, os edificios non teñen puntos de consumo individual de gas, que alimenta unicamente á Central Térmica, e, polo tanto, tampouco se dispón de contadores individuais. Pola outra banda o consumo de gas está condicionado por múltiples factores:

-a existencia dun consumo de enerxía base ou común a todos os edificios, derivado das características físicas da instalación que exixe un circulante constante de auga a determinada temperatura, ao que acceden individualmente os edificios,
-a orientación xeográfica dos edificios (fundamentalmente norte e sur), en relación aos usos dominantes e á tipoloxía das fachadas (acristaladas ou cegas).
-os costumes de uso e as demandas específicas asociadas ás actividades dos edificios.
-os horarios de apertura ao público ou de funcionamento dos edificios.

En calquera caso a xestión da instalación é centralizada e común para todo o complexo, as instalacións primaria (caldeiras, enfriadoras) e secundaria (distribución) tamén o son; e tamén tenden a ser uniformes as temperaturas de servizo dos edificios e a configuración física dos edificios é moi similar. Polo exposto o reparto de consumo realízase mediante o cálculo dunha porcentaxe resultado do cociente entre a suma da potencia (en kWh) dos diferentes equipos de climatización instalados en cada edificio e a suma total da potencia instalada en todos os edificios.

No Anexo 3 relaciónanse os datos que permiten a desagregación dos consumos de gas.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4)- Gasóleo,
Custos individuais; o consumo de gasóleo limítase ao combustible de emerxencia da sala de caldeiras da Central Térmica (de respeto, e de escaso volume) e o subministrado para o funcionamento dos grupos electróxenos instalados en cada edificio, polo que este custo é directamente desagregable.

Custos comúns; unicamente para o consumo residual que pode ocorrer durante os procesos de mantemento das instalacións de gas e, considerando o seu escaso volume, se subdividirá en partes iguais entre os edificios citados.

No Anexo 4 relaciónanse os datos que permiten a desagregación dos consumos comúns de gasóleo.

Os servizos de mantemento, limpeza e seguridade contrátanse de xeito centralizado (tal e como xa se adiantou no caso do mantemento, resulta case obrigado, considerando o carácter unitario do proxecto e da construción do complexo). A desagregación de custos realízase,

- no caso do servizo de mantemento, atendendo a un parámetro común a todos os edificios (a superficie construída),
-no caso dos servizos de limpeza e de seguridade, de acordo coa distinción entres custos básicos (que se asignan atendendo a un parámetro común), e custos extraordinarios (que se asignan individualmente nas respectivas facturas).

A distinción entre os custos debidos a traballos ou emprego de recursos básicos (que se corresponden cos custos individuais dos edificios) e os custos extraordinarios (relacionados coa atención a eventos) resulta doado de realizar, xa que os primeiros están xa predeterminados no momento da licitación dos respectivos contratos.

5)- Mantemento,

O carácter unitario do proxecto e da construción da Cidade da Cultura, reiteradamente argumentado noutras ocasións e mesmo neste informe, obrigan non só a un mantemento único para todos os espazos do complexo; tamén obrigan a unha desagregación de custos baseada nun parámetro común a todos os edificios, espazos e instalacións, tanto no que se refire aos custos individuais como aos custos comúns. Tal e como xa se adiantou a desagregación realizarase mediante o reparto proporcional atendendo á superficie construída de cada edificio en relación á suma total das superficies construídas.

Exceptúanse os traballos de mantemento correspondentes ao CPDi, que se realizarán de acordo con actividades, traballos e rutinas específicas. O custo polo mantemento do CPDi se calculará anualmente e se identificará de xeito individualizado nas facturas presentadas pola prestación deste servizo.

No Anexo 5 relaciónanse os datos que permiten a desagregación dos custos do servizo de mantemento.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Os custos orixinados pola utilización de recursos ou por actividades de mantemento vencelladas a eventos se identificarán individualmente en cada factura que a empresa adxudicataria presente ante o órgano de contratación (na actualidade e Fundación Cidade da Cultura de Galicia).

6)- Limpeza,

Os custos básicos están determinados desde o inicio (licitación do contrato) para cada edificio e para cada espazo común, atendendo a múltiples factores: a superficie útil total de cada edificio ou espazo común, as tipoloxías espaciais que os conforman (e que determinan as rutinas de traballo, os medios a utilizar e os rendementos), as características das fachadas (acristaladas ou cegas), a altura dos espazos interiores e das fachadas, a altura dos edificios e a topografía da cuberta e tamén o uso dos espazos (exposicións, oficinas, circulacións, aseos, instalacións, espazos exteriores). Deste xeito para cada edificio ou espazo común asígnase un número de horas de traballo mensuais (non necesariamente iguais, xa que algunhas rutinas execútanse con varios meses de intervalo entre elas) e anuais.

A desagregación dos custos básicos se realiza mediante un reparto proporcional atendendo ao número de horas asignada a cada edificio en relación á suma total das horas programadas para todos os edificios (sen espazos comúns).

No Anexo 6 relaciónanse os datos que permiten a desagregación dos custes do servizo de limpeza.

Os custos extraordinarios (que corresponden á atención a eventos ou actividades asimilables a aqueles) identificaranse nas facturas que o adxudicatario presente, mediante a asignación dos recursos extraordinarios consumidos en exclusiva para un evento e edificio concretos, e no período de tempo ao que atendan aqueles.

En calquera caso os custos correspondentes aos recursos destinados a eventos non deben repercutirse, máis que a efectos informativos, nos totais dos edificios, xa que, como parece lóxico, deberían formar unha categoría propia.

7)- Seguridade,

A desagregación dos custos básicos realizase de xeito similar ao procedemento descrito para o servizo de limpeza (organízanse o prográmanse de igual maneira), é dicir, mediante un reparto proporcional atendendo ao número de horas asignada a cada edificio en relación á suma total das horas programadas para todos os edificios (sen espazos comúns).

No Anexo 7 relaciónanse os datos que permiten a desagregación dos consumos do servizo de seguridade.

Para os custos extraordinarios (eventos) tamén debe seguirse o mesmo criterio descrito para o servizo de limpeza.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

C- Criterios para a desagregación dos custos de funcionamento por áreas ou fraccións dos edificios.

No caso de que se precise afondar na desagregación dos custos, baixando ata a obtención dos mesmos en áreas ou fraccións de edificios, o procedemento de cálculo basearase, do xeito similar ao descrito, na relación entre a superficie útil ocupada pola área ou fracción e a superficie útil total do edificio na que se aloxe.

A superficie útil ocupada pola área ou fracción será a suma da superficie estritamente ocupada pola actividade ou función asignada a aquela e das outras superficies que, aínda non ocupadas fisicamente, sí resulten precisas para o desenvolvemento racional da actividade ou función e, por mor de estas, non poidan ser ocupadas ou destinadas a outros usos.

D- Criterios para a desagregación dos custos de funcionamento por actividades ou eventos.

O cálculo dos custos por actividades ou eventos realizarase de xeito similar ao descrito no apartado anterior (por áreas ou fraccións) e se determinará para o tempo durante o que se desenvolva a actividade ou evento seleccionado.

Na fixación do tempo consideraranse os períodos de montaxe e desmontaxe das instalacións ou elementos auxiliares que sexa necesario construír para o desenvolvemento da actividade ou evento.

Tal e como xa se adiantou os custos correspondentes aos recursos destinados a eventos non deben repercutirse, máis que a efectos informativos, nos totais dos edificios, xa que, como parece lóxico, deberían formar unha categoría propia.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Criterios para a desagregación dos custes de funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

Anexo 1.1
Subministro de Auga para instalacións exteriores

a) Edificios

	Superficie útil (m^2)	% s/Total
Centro de Emprendemento	7.145,54	10,13%
Biblioteca e Arquivo	14.632,30	20,75%
Fontán	12.533,83	17,77%
Centro de Innovación	6.018,11	8,53%
Museo	16.728,97	23,72%
Centro de Proceso de Datos	1.412,17	2,00%
Total a)	58.470,92	82,90%

b) Dotacións Públicas

Emprendemento	Paseo cuberto	1.638	2,32%
	Locais exteriores	0	0,00%
Biblioteca e Arquivo	Paseo cuberto	871	1,24%
	Locais exteriores	70	0,10%
	Aseos Públicos	132	0,19%
	Aparcadoiro	7.873	11,16%
CINC	Paseo cuberto	333	0,47%
	Local interior	0	0,00%
	Locais exteriores	0	0,00%
Museo	Soportal	799	1,13%
	Cafetería	0	0,00%
	Locais exteriores	0	0,00%
Torres de Hejduk		346	0,49%
Total b)		12.062	17,10%
Total a+b)		70.533	100,00%

c) Comúns

Espazos Exteriores	Aproximado	502.000
Central de Frio e Auga		4.070
Central de Calor e Electricidade		1.312
Galería de Servizos		6.491
Total c)		513.872

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Criterios para a desagregación dos custes de funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

Anexo 1.2
Subministración de auga para instalación de refrixeración

a)	Edificios		Potencia (kW)	% s/Total
	Centro de Emprendemento		1.226	17,97%
	Biblioteca e Arquivo		1.224	17,94%
	Fontán		1.649	24,17%
	Centro de Innovación		818	11,99%
	Museo		1.842	26,99%
	Centro de Proceso de Datos		0	0,00%
	Total a)		6.759	99,05%
b)	Dotacións Públicas			
	Emprendemento	Paseo cuberto	0	0,00%
		Locais exteriores	0	0,00%
	Biblioteca e Arquivo	Paseo cuberto	0	0,00%
		Locais exteriores	65	0,95%
		Aseos Públicos	0	0,00%
		Aparcadoiro	0	0,00%
	CINC	Paseo cuberto	0	0,00%
		Local interior	0	0,00%
		Locais exteriores	0	0,00%
	Museo	Soportal	0	0,00%
		Cafetería	0	0,00%
		Locais exteriores	0	0,00%
	Torres de Hejduk			0,00%
	Total b)		65	0,95%
	Total a+b)		6.824	100,00%

c)	Comúns	
	Espazos Exteriores	0
	Central de Frio e Auga	0
	Central de Calor e Electricidade	0
	Galería de Servizos	0
	Total b)	0

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Criterios para a desagregación dos custes de funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

Anexo 1.3
Subministración de auga sanitaria

a)	Edificios		Nº puntos	% s/Total
	Centro de Emprendemento		81,00	13,52%
	Biblioteca e Arquivo		127,00	21,20%
	Fontán		46,00	7,68%
	Centro de Innovación		129,00	21,54%
	Museo		181,00	30,22%
	Centro de Proceso de Datos		0,00	0,00%
	Total a)		564,00	94,16%
b)	Dotacións Públicas			
	Emprendemento	Paseo cuberto	0	0,00%
		Locais exteriores	0	0,00%
	Biblioteca e Arquivo	Paseo cuberto	0	0,00%
		Locais exteriores	0	0,00%
		Aseos Públicos	31	5,18%
		Aparcadoiro	4	0,67%
	CINC	Paseo cuberto	0	0,00%
		Local interior	0	0,00%
		Locais exteriores	0	0,00%
	Museo	Soportal	0	0,00%
		Cafetería	0	0,00%
		Locais exteriores	0	0,00%
	Torres de Hejduk		0	0,00%
	Total b)		35	5,84%
	Total a+b)		599	100,00%

c)	Comúns	
	Espazos Exteriores	38
	Central de Frio e Auga	0
	Central de Calor e Electricidade	0
	Galería de Servizos	0
	Total c)	38

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Criterios para a desagregación dos custes de funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

Anexo 2
Subministración de enerxía eléctrica / Custes Comúns

a) Edificios		Superficie útil (m^2)	% s/Total
Centro de Emprendemento		7.146	10,14%
Biblioteca e Arquivo		14.632	20,77%
Fontán		12.534	17,79%
Centro de Innovación		6.018	8,54%
Museo		16.729	23,75%
Centro de Proceso de Datos		1.412	2,00%
Total a)		58.471	83,01%

b) Dotacións Públicas			
Emprendemento	Paseo cuberto	1.638	2,33%
	Locais exteriores	0	0,00%
Biblioteca e Arquivo	Paseo cuberto	871	1,24%
	Locais exteriores	70	0,10%
	Aseos Públicos	132	0,19%
	Aparcadoiro	7.873	11,18%
CINC	Paseo cuberto	333	0,47%
	Local interior	0	0,00%
	Locais exteriores	0	0,00%
Museo	Soportal	799	1,13%
	Cafetería	0	0,00%
	Locais exteriores	0	0,00%
Torres de Hejduk		253	0,36%
Total b)		11.969	16,99%
Total a+b)		70.440	100,00%

c) Comúns		
Espazos Exteriores	Aproximado	415.000
Central de Frio e Auga		4.070
Central de Calor e Electricidade		1.312
Galería de Servizos		6.491
Total c)		426.872

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Criterios para a desagregación dos custes de funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

Anexo 3
Subministración de gas natural

a)	Edificios		Potencia (kW)	% s/Total
	Centro de Emprendemento		1.213,95	14,78%
	Biblioteca e Arquivo		1.302,80	15,86%
	Fontán		1.428,63	17,40%
	Centro de Innovación		791,12	9,63%
	Museo		3.392,84	41,32%
	Centro de Proceso de Datos		0,00	0,00%
	Total a)		8.129,33	98,99%
b)	Dotacións Públicas			
	Emprendemento	Paseo cuberto	0,00	0,00%
		Locais exteriores	0,00	0,00%
	Biblioteca e Arquivo	Paseo cuberto	0,00	0,00%
		Locais exteriores	82,60	1,01%
		Aseos Públicos	0,00	0,00%
		Aparcadoiro	0,00	0,00%
	CINC	Paseo cuberto	0,00	0,00%
		Local interior	0,00	0,00%
		Locais exteriores	0,00	0,00%
	Museo	Soportal	0,00	0,00%
		Cafetería	0,00	0,00%
		Locais exteriores	0,00	0,00%
	Torres de Hejduk		0,00	0,00%
	Total b)		82,60	1,01%
	Total a+b)		8.211,93	100,00%
c)	Comúns			
	Espazos Exteriores		0	0,00%
	Central de Frio e Auga		0	0,00%
	Central de Calor e Electricidade		0	0,00%
	Galería de Servizos		0	0,00%
	Total c)		0	0,00%

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Criterios para a desagregación dos custes de funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

Anexo 4
Subministración de gasóleo na Central Térmica / Custes Comúns

a) Edificios		% s/Total
Centro de Emprendemento		20,00%
Biblioteca e Arquivo		20,00%
Fontán		20,00%
Centro de Innovación		20,00%
Museo		20,00%
Centro de Proceso de Datos		0,00%
Total a)		100,00%

b) Dotacións Públicas		
Emprendemento	Paseo cuberto	0,00%
	Locais exteriores	0,00%
Biblioteca e Arquivo	Paseo cuberto	0,00%
	Locais exteriores	0,00%
	Aseos Públicos	0,00%
	Aparcadoiro	0,00%
CINC	Paseo cuberto	0,00%
	Local interior	0,00%
	Locais exteriores	0,00%
Museo	Soportal	0,00%
	Cafetería	0,00%
	Locais exteriores	0,00%
Torres de Hejduk		0,00%
Total b)		0,00%
Total a+b)		100,00%

c) Comúns	
Espazos Exteriores	0,00%
Central de Frio e Auga	0,00%
Central de Calor e Electricidade	0,00%
Galería de Servizos	0,00%
Total c)	0,00%

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Criterios para a desagregación dos custes de funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

Anexo 5
Servizo de mantemento

a) Edificios

	Superficie construída (m^2)	% s/Total	
Centro de Emprendemento	7.714	9,94%	
Biblioteca e Arquivo	16.185	20,86%	
Fontán	13.317	17,17%	
Centro de Innovación	7.232	9,32%	
Museo	19.910	25,66%	
Centro de Proceso de Datos	0	0,00%	(1)
Total a)	64.357	82,95%	

b) Dotacións Públicas

	Paseo cuberto	1.769	2,28%
Emprendemento	Locais exteriores	0	0,00%
	Paseo cuberto	964	1,24%
	Locais exteriores	77	0,10%
	Aseos Públicos	146	0,19%
Biblioteca e Arquivo	Aparcadoiro	8.638	11,13%
	Paseo cuberto	400	0,52%
	Local interior	0	0,00%
CINC	Locais exteriores	0	0,00%
	Soportal	950	1,23%
	Cafetería	0	0,00%
Museo	Locais exteriores	0	0,00%
Torres de Hejduk		281	0,36%
Total b)		13.225	17,05%
Total a+b)		77.582	100,00%

c) Comúns

Espazos Exteriores	Aproximado	415.000
Central de Frio e Auga		4.667
Central de Calor e Electricidade		1.639
Galería de Servizos		7.464
Total c)		428.770

(1) O mantemento do CPDi se desenvolverá con traballos, operacións e rutinas específicas, e diferentes ás do resto da CDC, de acordo co alcance pactado coa AMTEGA.
O seu custe calcularase anualmente e identificarase nas correspondentes facturas.

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Anexo 6
Servizo de limpeza

a) Edificios	Nº Horas	% s/Total
Centro de Emprendemento	5.980	19,25%
Biblioteca e Arquivo	5.460	17,58%
Fontán	6.500	20,93%
Centro de Innovación	5.200	16,74%
Museo	4.420	14,23%
Centro de Proceso de Datos	260	0,84%
Total a)	27.820	89,56%

b) Dotacións Públicas			
Emprendemento	Soportal	171	0,55%
	Cantina	0	0,00%
Biblioteca e Arquivo	Soportal	103	0,33%
	OnOff	67	0,22%
	Aseos Públicos	2.185	7,03%
	Aparcadoiro	575	1,85%
CINC	Soportal	35	0,11%
	Cafetería	0	0,00%
	Tenda	0	0,00%
Museo	Soportal	83	0,27%
	Cafetería	0	0,00%
	Comerciais	0	0,00%
Torres de Hejduk		24	0,08%
Total b)		3.243	10,44%
Total a+b)		31.063	100,00%

c) Comúns	
Espazos Exteriores	3.100
Central de Frio e Auga	120
Central de Calor e Electricidade	70
Galería de Servizos	170
Total c)	3.460

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Criterios para a desagregación dos custes de funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

Anexo 7
Servizo de seguridade

			Nº Horas	% s/Total
a)	Edificios			
	Centro de Emprendemento		3.526	11,98%
	Biblioteca e Arquivo		3.526	11,98%
	Fontán		4.766	16,19%
	Centro de Innovación		6.446	21,90%
	Museo		6.446	21,90%
	Centro de Proceso de Datos		730	2,48%
	Total a)		25.440	86,41%
b)	Dotacións Públicas			
	Emprendemento	Soportal	350	1,19%
		Cantina	0	0,00%
	Biblioteca e Arquivo	Soportal	350	1,19%
		OnOff	70	0,24%
		Aseos Públicos	350	1,19%
		Aparcadoiro	1.460	4,96%
	CINC	Soportal	120	0,41%
		Cafetería	0	0,00%
		Tenda	0	0,00%
	Museo	Soportal	200	0,68%
		Cafetería	100	0,34%
		Comerciais	0	0,00%
	Torres de Hejduk		1.000	3,40%
	Total b)		4.000	13,59%
	Total a+b)		29.440	100,00%
c)	Comúns			
	Espazos Exteriores		8.760	
	Central de Frio e Auga		200	
	Central de Calor e Electricidade		200	
	Galería de Servizos		600	
	Total c)		9.760	
			39.200	

Asinado por: RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, ROMÁN
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 09/11/2021 15:28:34

Asinado por: LOPEZ DIAZ, ANTONIO
Cargo: Reitor (UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC))
Data e hora: 05/11/2021 19:00:22

CVE: 0WKDrIASF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve